Tesouriños romanos de Lucus Augusti

NUMISMÁTICA. O MUSEO PROVINCIAL DE LUGO CUSTODIA UNHA COLECCIÓN DE MOEDAS QUE INCLÚE PEZAS IMPERIAIS ROMANAS OBTIDAS EN ACHADOS CASUAIS OU ESCAVACIÓNS

Aurelia Balseiro
Enrique Alcorta
M. Ofelia Carnero
Museo Provincial de Lugo

O MUSEO Provincial de Lugo custodia unha gran colección de numismática que inclúe medallística e notafilia. Actualmente conta con 9.386 exemplares e tanto cualitativa como cuantitavamente é unha referencia para o estudo e divulgación da ciencia numismática a nivel nacional e internacional.

No Arde Lucus 2021 apoiamos a divulgación científica da moeda da caetra. Estas datas coinciden coas Xornadas Europeas de Arqueoloxía donde participamos coa divulgación en liña dun vídeo que reflicte as pezas máis senlleiras da colección e poñendo de balde á disposición dos museos europeos e o seu público unha publicación dixital sobre esta parte do noso patrimonio arqueolóxico.

Desde a creación do MPL en 1932 a Numismática estivo presente nos seus fondos fundacionais incrementándose ata conformar unha colección que abarca desde antes da época republicana romana tardía ata a actualidade e, dado o pasado de Lucus Augusti, boa parte dos exemplares pertencen tamén ás emisións imperiais romanas.

Os tesouriños abranguen unha categoría específica dos achados numismáticos, entendendo este concepto como unha acumulación de moedas ocultadas e, polo tanto, inmobilizadas temporalmente coa intención de recuperalas. Existen varias tipoloxías: os tesouriños de emerxencia, os de aforro e atesouramento, os tesouriños de bolsa, etc.

Os tesouriños forman conxuntos de diversas cronoloxías e épocas históricas e son unha gran fonte de información sociocultural, económica, antropolóxica, histórica, política, relixiosa, artística... Asociados sobre todo a tempos de crise, os que chegaron ao MPL, produto de achados casuais ou escavacións arqueolóxicas, son once romanos e dous medievais procedentes do antigo Conventus Lucensis, que proporcionan importantes datos sobre o pasado.

Dos trece tesouriños que forman parte dos fondos numismáticos do MPL, catro foron atopados na cidade de Lucus Augusti. O primeiro coñecido como Tesouriño da rúa San Fernando foi localizado no ano 1923 por uns obreiros ao facer unhas obras de cambio de pavimento. As moedas atopáronse dentro dunha ola de cerámica e presentaban un notable estado de oxidación polo que foron despreciadas e rapidamente dispersadas entre os curiosos que presenciaron o achado. No MPL consérvase unha ficha antiga de entrada do tesouriño nos fondos do museo asinada polo primeiro director, Luis López Martí.

A primeira referencia escrita que se coñece sobre esta descuberta aparece no libro 'Lugo y su Provincia, 1929', nun artigo de M. Vázquez Seijas 'Monumentos arqueológicos. Numismática' no que identifica catro medianos bronces que corresponden aos emperadores Diocleciano, Constancio Cloro e Maximiano.

Un estudo máis detallado deste conxunto monetal foi levado a cabo pola profesora Milagros Cavada Nieto, a quen Vázquez Seijas lle entregara varias pezas, quen o publicou e deu a coñecer en 1984, no II Congreso Galaico-Minhoto. Segundo este traballo o conxunto monetal encádrase cronoloxicamente no s.III d.n.e. As moedas corresponden aos emperadores Heliogábalo, Gordiano III, Filipo I, Filipo II, Etruscila, Herennio, Etrusco, Trajano Decio, Treboniano Galo, Volusiano, Emiliano, Valeriano I e Valeriano II.

O tesouriño da Porta do Bispo Odoario recuperouse en abril do 1935 durante as obras de construción da antiga Escola Profesional de Traballo. Según relata M. Vázquez Seijas apareceu dentro dunha vasilla de barro que foi esnaquizada polos obreiros. Non se pode determinar o número fixo de moedas deste conxunto que foron ingresadas no museo, pois a doazón efectuouse en dúas entregas diferentes, nunha especifícase que son unhas 600 pezas, pero na outra falase dun lote de moedas romanas. Deste tesouriño dispersáronse varias pezas cando foi atopado e proba desta diseminación foi a publicación de dezasete moedas atribuídas a este conxunto, pertencentes a unha colección particular, nun artigo de F. Arias e F. Fariña, publicado no nº 29 de 'Studia Archaeologica' no ano 1974, no que fan unha revisión de todo o conxunto monetal encadrándoo no s.IV d.n.e.

Segundo conta M. Vázquez Seijas no artigo 'Del Lugo Romano. Hallazgos de monedas', publicado no Boletín Real Academia Gallega, nº 261 no ano 1936, revisou unhas seiscentas moedas, 'follis', observando que a maior parte delas pertencían a Constancio I, Constantino I, Constantino II, Constante I, Constancio II, Juliano II, Graciano, Valentiniano II e unha á emperatriz Helena, primeira muller de Constancio Cloro.

En xuño do 1941 ao facer un rebaixe das terras para nivelar un dos paseos da avenida de José Rodríguez Mourelo, apareceu un tesouriño composto por dezaseis moedas, que según aparece anotado no Libro de Rexistro antigo

1. Plano do centro histórico da cidade de Lugo (Lucus Augusti), coa localización dos tesouriños mencionados.
2. Trajano Decio e a súa muller Etruscila. Tesouriño da rúa San Fernando.
3. Moeda da emperatriz Helena. Tesouriño da Porta do Bispo Odoario (anverso e reverso).
4. Denario de Domiciano. Tesouriño da Avenida Rodríguez. Mourelo (anverso e reverso).
5. Sestercio de Trajano. Tesouriño da Avenida Rodríguez Mourelo (anverso e reverso)
6. Denario republicano do tesouriño da rúa Isaac Díaz Pardo (anverso e reverso).

2

4

5

3

6

do MPL incluían «cinco grandes bronces romanos, uno mediano y un denario de plata». Na realidade consta dunha moeda de prata e quince de bronce, das cales oito atópanse en moi mal estado de conservación.

O conxunto foi publicado por M. Vázquez Seijas no Boletín da Comisión de Monumentos de Lugo, tomo I (1941-44), nun artigo denominado 'Hallazgos romanos'. Os emperadores representados nas moedas lexibles son Domiciano (1 moeda), Trajano (5) e Adriano (2), polo que cronoloxicamente encádrase entre finais do s.I e inicios do s.II d.n.e. As oito moedas non clasificadas corresponden a tres sestercios e cinco ases ou dupondios.

Tamén a finais do ano 1941 entraron a formar parte da colección de numismática do MPL un conxunto de vinte e oito denarios de prata que, segundo consta nas actas do museo, atopáranse no parque de Lugo e foran adquiridas por 23 pesetas. O tesouriño foi publicado inicialmente por M. Vázquez Seijas no Boletín da Comisión de Monumentos de Lugo do ano 1943 no artigo 'Denarios romanos' onde aclara que as moedas foran atopadas nas proximidades do parque de Rosalía de Castro, na rúa de Cedrón del Valle, renomeada hoxe como de Isaac Díaz Pardo, aínda que se descoñecen as circunstancias do seu achado. Hoxe este conxunto de numismas coñécese como tesouriño da rúa Cedrón del Valle. Os denarios atópanse en bastante bo estado de conservación e comprende catro numismas pertencentes á República romana e vintecatro imperiais que se distribúen entre Augusto (4), Tiberio (7), Nerón (1), Otón (1), Galba (2), Petronio Turpiliano (1), Vespasiano (3) y Domiciano (2).

A moeda romana dentro do monetario hispánico conservado no MPL, supón aproximadamente un 70% do total desta parte da colección numismática o que reflicte a súa transcendencia para o estudio do pasado da cidade de Lucus Augusti.